

## HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

### I. Composición histórica: O nazismo alemán (6 puntos)

A partir dos seguintes documentos explica brevemente as principais características da ideoloxía nazi. Non se trata de que resumas os documentos, nin que analices illadamente cada un deles, senón de que elabores un comentario personal ténndoos en conta e completes esa información con outros datos que coñezas.

**Documento 1.** Extracto dos 25 puntos do Programa do Partido Obreiro Alemán presentado nun mitin celebrado en Munich en 1920:

“1. Esiximos a unión de todos os alemáns para constituír unha gran Alemaña fundada no dereito a independencia de que gozan as nacións...

3. Esiximos espazo e territorio para a alimentación do noso pobo e para establecer o noso exceso de poboación...

4. Ninguén, fóra dos membros da nación poderá ser cidadán do Estado. Ninguén, fóra daqueles por cuxas veas circule sangue alemán... poderá ser membro da nación. Por conseguinte, ningún xudeu será membro da nación...

9. Esiximos que o Estado contemple como o seu primeiro e principal deber o promover o progreso da industria e o velar pola subsistencia dos cidadáns do Estado...

16. Esiximos a creación e mantemento dunha sa clase media, a nacionalización inmediata das propiedades utilizadas na especulación, a fin de que se aluguen en favorables condicións a pequenos comerciantes, e que se teñan especiais consideracións para cos pequenos provedores do Estado...”

A. Hitler e A. Drexler, *Programa do partido*, 24 de febreiro de 1920.

**Documento 2:** O pensamento racista de Hitler exposto no seu libro *A miña loita*, (1925)

“...Xulgamos que ata hoxe a civilización humana, todas as realizacións da arte, da ciencia e da técnica, son cáseque exclusivamente froito do xenio creador do Ario. O que permite recíprocamente concluir que el é o único fundador dunha humanidade superior e por conseguinte representa o prototipo do que entendemos pola palabra “home”.

...A existencia de tipos humanos inferiores foi sempre unha condición previa esencial para a formación de civilizacións superiores... As primeiras civilizacións naceron onde o Ario atopou razas inferiores, que someteu e dispuxo a súa vontade... Desde que os pobos servos comezaron a erguerse e a aproximarse ó conquistador, adoptando a súa lingua, a barreira que separaba ó dono do escravo caeu. O Ario renunciou á pureza do seu sangue e perdeu ós poucos a súa facultade de creadores de civilización. A mistura de sangues, co descenso do nivel racial que provoca, é a única causa da decadencia das civilizacións pasadas...

R. Villares (coord.), *Historia do mundo contemporáneo, textos escollidos*, Vigo, Ed. Galaxia, 1989, p.197.

### II. Preguntas: (responder unicamente a 2 preguntas: cualificación máxima 2 puntos cada unha)

- 1) A Revolución Francesa: importancia histórica e causas
- 2) Os imperios coloniais de Francia e do Reino Unido: configuración e intereses estratéxicos
- 3) A crise de 1929 e a depresión económica dos anos trinta do século XX
- 4) Orixes e proceso de construción da Unión Europea.

## HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

### I. Composición histórica: El nazismo alemán (6 puntos)

A partir de los siguientes documentos explica brevemente las principales características de la ideología nazi. No se trata de que resumas los documentos, ni de que analices aisladamente cada uno de ellos, sino de que elabores un comentario personal teniéndolos en cuenta y completes esa información con otros datos que conozcas.

**Documento 1.** Extracto de los 25 puntos del Programa del Partido Obrero Alemán presentado en un mitin celebrado en Munich en 1920:

“1. Exigimos la unión de todos los alemanes para constituir una gran Alemania fundada en el derecho a la independencia del que gozan las naciones...”

3. Exigimos espacio y territorio para la alimentación de nuestro pueblo y para establecer nuestro exceso de población...”

4. Nadie, fuera de los miembros de la nación podrá ser ciudadano del Estado. Nadie, fuera de aquellos por cuyas venas circule sangre alemana... podrá ser miembro de la nación. Por consiguiente, ningún judío será miembro de la nación...”

9. Exigimos que el Estado contemple como su primer y principal deber promover el progreso de la industria y velar por la subsistencia de los ciudadanos del Estado...”

16. Exigimos la creación y mantenimiento de una sana clase media, la nacionalización inmediata de las propiedades utilizadas en la especulación, a fin de que se alquilen en condiciones favorables a pequeños comerciantes, y que se tengan especiales consideraciones con los pequeños proveedores del Estado...”

A. Hitler y A. Drexler, *Programa del Partido*, 24-02-1920.

**Documento 2.** El pensamiento racista de Hitler expuesto en su libro *Mi lucha* (1925):

“...Juzgamos que hasta hoy la civilización humana, todas las realizaciones del arte, de la ciencia y de la técnica, son casi que exclusivamente fruto del genio creador del Ario. Lo que permite recíprocamente concluir que él es el único fundador de una humanidad superior y por consiguiente representa el prototipo de lo que entendemos por la palabra “hombre”.

...La existencia de tipos humanos inferiores fue siempre una condición previa esencial para la formación de civilizaciones superiores... Las primeras civilizaciones nacieron donde el Ario encontró razas inferiores, que sometió y dispuso a su voluntad... Desde que los pueblos empezaron a levantarse y a aproximarse al conquistador, adoptando su lengua, la barrera que separaba al dueño del esclavo cayó. El Ario renunció a la pureza de su sangre y perdió poco a poco su facultad creadora de civilización. La mezcla de sangres, con el descenso del nivel racial que provoca, es la única causa de la decadencia de las civilizaciones pasadas...”

R. Villares (coord.), *Historia do mundo contemporáneo, textos escollidos*, Vigo, Ed.Galaxia, 1989, p. 197.

### II. Preguntas: (responder únicamente a 2 preguntas: calificación máxima 2 puntos cada una)

- 1) La Revolución Francesa: importancia histórica y causas
- 2) Los imperios coloniales de Francia y Reino Unido: configuración e intereses estratégicos
- 3) La crisis de 1929 y la depresión económica de los años treinta del siglo XX
- 4) Orígenes y proceso de construcción de la Unión Europea.